



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
988 317 993
CIF: G32244345

SUSANA RODRÍGUEZ ESTÉVEZ, deputada do Grupo Socialista da Deputación Provincial de Ourense, en base ó previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte:

PREGUNTA (2) PARA SER FORMULADA E RESPOSTADA ORALMENTE NO VINDEIRO PLENO ORDINARIO DO 23 DE FEBREIRO DE 2024.

Co voto favorable de Partido Popular (PP), Democracia Ourensana (DO) e unha deputada non adscrita, na sesión plenaria da Deputación de Ourense do mes de decembro de 2021 resultou aprobado o “cambio do modo de xestión do servizo público intermunicipal delegado de recollida e tratamento de residuos urbanos (RSU)” que presta a institución provincial. Sancionábase así a privatización dun servizo do que dependen 74 concellos, é dicir, un 80% dos municipios ourensáns, onde viven máis de 200.000 veciñas e veciños.

Diante disto, e xa iniciada unha nova lexislatura, no Pleno da Deputación de Ourense celebrado o 22 de decembro de 2023 foi debatida, e votada, unha moción do Grupo Provincial Socialista para instar ao goberno do PP na institución a desbotar calquera iniciativa dirixida á privatización do servizo de recollida e tratamento de residuos que a institución presta en réxime de competencia delegada, apuntalando o seu carácter público e non mercantil, sen ánimo de lucro, que garanta unha prestacións suficientes e eficientes.

Na súa intervención final, antes de voto, o Sr. Presidente sinalou que “non é o mesmo a xestión indirecta ou externalización, que pasar o servizo ao sector privado”, afirmando que esta última hipótese, a da privatización, “nunca se formulou nesta Deputación”. Deste xeito, o Sr. Presidente insistía que “non se vai avanzar na xestión indirecta” do servizo de recollida de lixo, sendo a devandita Moción aprobada en último termo co voto favorable dos grupos Popular, Socialista e Nacionalista Galego, e coa abstención de DO.

Porén, na edición ourensá de La Voz de Galicia do 20 de febreiro de 2024 pódese ler como “*La Diputación pide dos meses para aclarar si privatizará el servicio de recogida de basura*”. No artigo lémbrese como, malia que o Deputación de Ourense baixo a presidencia de José Manuel Baltar, iniciara os trámites para externalizar o servizo, o presidente Luís Menor manifestou a súa intención de manter a prestación de forma directa, se ben aínda non se ten materializado esta opción.



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
988 317 993
CIF: G32244345

Á luz desta inquietante información, podería o grupo de goberno precisar en que punto da privatización, ou non, se atopa a Deputación de Ourense no momento actual?

A que debemos aternos e cal é a intención final da corporación do PP?

Mantense a folla de ruta que o Sr. Baltar tiña no seu momento ou, tal e como subliñou hai apenas un par de meses o presidente Menor, vaise garantir a prestación directa do servizo de recollida de lixo que presta a Deputación de Ourense?

En Ourense, a 22 de febreiro de 2024.

Asinado: Susana Rodríguez Estévez.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE